

# Bugallos non son allos

Ramsés Pérez

Cando nunha discusión queremos facer ver que estamos a confundir ou mesturar conceptos, adoitamos tirar dunha expresión que vén dicir: confundir allos con bugallos.

Os allos ben sabemos o que son, pero os bugallos? A pregunta parece ter fácil resposta, pero a realidade é que a día de hoxe xa pouca xente sabe que son. Nas saídas ao medio que facemos en actividades de ADEGA, cando sinalamos ou collemos o bugallo dun carballo e preguntamos de que se trata, adoitamos atopar o silencio por resposta, un *non sabe non contesta*. Outra pequena porcentaxe si responde de xeito claro e contundente: un bugallo. Se preguntamos polas súas funcións, as respostas volven ser escasísimas. Así que... dos populares bugallos imos falar.

O primeiro que deberíamos saber é que NON son froitos das árbores ou plantas, e tamén que segundo a zona de Galiza na que nos atopemos, terán un nome diferente, xa que os bugallos reciben varias ducias de sinónimos. Máis de trinta acepcións entre as que podemos destacar bugalla, carrabouxo, coca, mazacuca, agalla, uvas de cuco ou uvas de carballo... En total, coñécense máis de seiscientas especies de diferentes tamaños e formas, a saber: con forma de concho, de mazá, de lentella ou de ovo.

Igualmente, tanto na actualidade coma en tempos antigos, esas formas variadas e a súa distribución polas árbores fixéronas pasar por froitos. Nada que ver. As cocas son o resultado ou a resposta que a planta dá ante a presenza ou picadura dalgún organismo. Virus, bacterias, fungos, ácaros ou insectos son organismos que poden achegarse a unha planta e poñer un ovo coa idea de vivir nelas, e aos que estas reaccionarán creando un bugallo. Así, o potencial hóspede que se alimentaría da planta, o que vai papar é o tecido vexetal que a planta crea, a secreción, o bugallo.

Por exemplo, a *Dryophanta folii*, un pequeno insecto da familia das abellas, é unha especie que parasita os carballos. O que fai é poñer os ovos no envés das follas dos *Quercus* e estes producen a típica coca redonda con puntinhos nos extremos como os dunha coroa.

Se volvemos ás expresións populares, podemos lembrar aqueloutra que di: quen rouba un ladrón... Isto vén a conto de que as especies de himenópteros que parasitan os carballos son ao seu tempo vítimas doutras que se especializaron na procura de larvas, como sucede con aves coma os pequenos ferreiros, motivo polo que ás veces podemos atopar exemplares picados.

O filósofo aristotélico e discípulo de Platón, Teofrasto, escribiu sobre as bondades e usos do bugallo na *Historia das plantas*: "É unha pequena bóla felpuda e branda cun carozo duro na volta, que serve para as candeas porque queima ben, como o bugallo negro". Desde aquela ata hoxe, a pegada deixada na cultura popular é inxente, tanto na toponimia ou na antroponimia coma nos seus usos como xoguete, uso medicinal ou para tinguir. Aínda queda moito por aprender, recuperar e recrear con este agasallo da flora.



Bugallos · Ramsés Pérez

Agalla na folla dunha roseira inducida pola avespa *Diplolepis rosae* · Ramsés PérezBugallo nun carballo inducido polo insecto *Andricus quercustozae* · Ramsés Pérez